

EXERCICIOS RESOLTOS 4º ESO. SEMANA DO 30 DE MARZO AO 3 DE ABRIL

1ª SESIÓN

Esperamos fixerades con moita atención a tarefa da primeira sesión semanal e que os vosos exercicios estean revisados e corrixidos.

2ª SESIÓN

1.

Promoción de Enlace

Características:

- Grupo de poetas que non teñen un traballo conxunto.
- Unión entre os poetas anteriores e os máis novos que os seguiron.
- Recreación do clima de angustia que se viviu na posguerra española e europea.

Autores: – Antón Tovar – Manuel Cuña Novás – Luz Pozo Garza

Xeración das Festas Minervais

Características:

- Nacemento nos anos da posguerra.
- Persoas con estudos que puideron participar en distintos acontecementos.
- Interese por europeizar España.
- Algúns forman o grupo Brais Pinto.

Etapas:

- 1ª etapa (Escola de Tebra): visión atormentada da vida, influenciados pola ideas existencialistas e pola literatura do absurdo.
- 2ª etapa: evolución cara á poesía social que denuncia a falta de liberdade da sociedade.

Autores: – Manuel María – Uxío Novoneyra – Xohana Torres – X. L. Méndez Ferrín – Bernardino Graña – Antón Avilés de Taramancos – Salvador García Bodaño – X. L. Franco Grande – Arcadio López Casanova

Actividades da páxina 161:

2.-

Profecía do mar, de Bernardino Graña;

As torres no ar, de A. Avilés de Taramancos;

Cómaros verdes, de Aquilino Iglesia Alvariño;

Fabulario novo, de Manuel Cuña Novás;

Códice calixtino, de Luz Pozo Garza;

Nimbos, de Xosé María Díaz Castro;

Do sulco, de Xohana Torres;

Terra de ningures, de Celso Emilio Ferreiro;

Terra Chá, de Manuel María.

3.

Na obra de Celso Emilio podemos distinguir tres grandes liñas poéticas:

- **Liña social**, solidaria cos oprimidos de calquera latitude e que denuncia os males sociais: o fascismo, a deshumanización, a emigración, a inxustiza, a solidariedade cos que sofren, o antibelicismo etc. como en Longa noite de pedra (1962). É unha poesía que se erixe en

protesta contra a inxustiza e incluso se fai revolucionaria, porque pretende conseguir a transformación da sociedade.

– **Liña intimista** na que se manifesta o seu inconformismo e desacougo existencial, a forte identificación coa terra, a fugacidade da vida, a evocación da infancia ou o amor como en Onde o mundo se chama Celanova (1975).

O poeta evoca un tempo pasado e feliz, un tempo en que as cadeas que aferran o ser humano aínda lle eran descoñecidas, lembra así unha sorte de paraíso perdido.

– **Liña irónica**, fortemente corrosiva e crítica, que se pode observar en libros como Cantigas de escarnio e maldicir (1968) ou en Antipoemas (1972). Celso E. Ferreiro denuncia a mesquindade humana con ton acedo, cheo de humor sarcástico. É esta unha poesía universal, que canta as traxedias do ser humano en xeral, por riba de razas, cores, linguas ou fronteiras.

4.

– Falsa. Deixando de lado a lírica galego-portuguesa, temos moitos dos poetas considerados «importantes» con poemas musicados, como Celso E. Ferreiro, Manuel Curros Enríquez, Ramón Cabanillas, Uxío Novoneyra, Manuel María, Lois Pereiro etc.

– Falsa. Na nosa historia literaria, xa dende a Idade Media, a lírica galego-portuguesa tiña música de acompañamento.

– Verdadeira.

– Falsa. As orixes da poesía foron orais até que, coa invención da imprenta, pasou a ser obxecto de lectura silenciosa e estableceuse como xénero independente da música.

– Verdadeira.

5.

Actividade de resposta aberta.

6.

Actividade de resposta aberta.

7.

– **Planificación ou Normalización:** Proceso polo que unha lingua accede a ámbitos de uso lingüístico até ese momento reservados a outra lingua ou variedade.

– **Normativización ou Estandarización:** Proceso polo que unha lingua se adapta a unha regulación ortográfica, lexical e gramatical.

– **Prexuízo:** É a idea ou opinión negativa que se ten sobre unha lingua ou sobre as persoas que a falan antes de saber como é coa finalidade de provocar o seu rexeitamento.

8.

– *Hoxe* (CCT cun adverbio); *pola mañá* (CCT cunha frase preposicional e frase nominal); *con auga fría* (CCM cunha frase preposicional e frase substantiva).

– *Na cocíña* (CCL cunha frase preposicional e frase nominal); *nin* (CCNegación cun adverbio); *media hora* (CCC cunha frase nominal); *cada día* (CCT cunha frase nominal).

– *na parede* (CCL cunha frase preposicional e frase nominal); *fortemente* (CCModo cun adverbio); *co martelo* (CCInstrumento cunha frase preposicional e frase nominal).

– *O mes que vén* (CCT cunha frase nominal e subordinada adxectiva de relativo); *a Ferrol* (CCL cunha frase preposicional); *con outros institutos da zona* (CCCompañía cunha frase preposicional, frase nominal, frase preposicional e frase nominal); *para facer unha carreira solidaria* (CCFinalidade cunha cláusula).

– *Antes de deitarme* (CCT cunha cláusula adverbial temporal).

9. Actividade de resposta aberta. Exemplos:

Pensar	Penso en ti	Penso cousas raras
Acostumarse	Acostumouse á boa vida	Acostuma chegar tarde
Preocuparse	Preocúpase polos seus fillos	Preocúpanlle os seus fillos
Contar	Conto coa túa axuda	Conto ovellas todas as noites
Alegarse	Alégrome do teu éxito	Alégrame a vida
Lembrar	Lembrouse del onte	Lembra o meu aniversario

10. Actividade de resposta aberta.

11.

- Os compañeiros queren saber **por que** fas iso porque consideran que non tes ningún **porqué**.
- **Por que** non actuaría eu dese xeito?
- Non se sabe **por que** caeu aquela árbore, igual foi **porque** era moi vella.
- Eu fago **por que** coma froita todos os días, pero el non quere **porque** prefire os bolos.

3ª SESIÓN

12.

- **Se non** chegas á hora marcharemos sen ti.
- Non o fai por obriga, **senón** por gusto.
- Aprobou todos o exames **senón** o último.
- Non le ningunha revista, **senón** Luzes de Galiza.
- **Se non** chega a tempo á estación perderá o tren.

13.

- Xeración dos 50: poetas cunhas características xeracionais comúns na década dos cincuenta do século XX.
- Xeración das Festas Minervais: poetas que participaron e gañaron os premios poéticos das Festas Minervais da Universidade de Santiago
- Grupo «La Noche»: poetas que colaboraron nas páxinas do xornal La Noche.
- Escola da Tebra: poetas cunha poesía de desarraigamento e angustia, presidida polo conflito da persoa consigo mesma e coa vida e cunha visión atormentada da vida.

14.

Autor/a Xeración Principais obras

Luis Pimentel	X. do 36	<u>Triscos</u> , <u>Sombra do aire na herba</u>
A. Iglesia Alvariño	X. do 36	<u>De día a día</u> , <u>Lanza de soedá</u> , <u>Nenias</u>
Uxío Novoneyra	X. dos 50	<u>Poemas caligráficos</u> , <u>Elexías do Courel e outros poemas</u> , <u>Do Courel a Compostela</u> ou <u>Muller pra lonxe</u>
Antón Tovar	X. de Enlace	Arredores , Non , Calados esconxuros, Berros en voz baixa, A nada destemida ou Cadáver adiado.
Xohana Torres	X. dos 50	Do sulco , Estacións ao mar ou Tempo de ría
Manuel María	X. dos 50	Muiñeiro de brétemas, Terra Chá, Mar maior, Poemas pra construír unha patria ou A primavera de Venus.
Luz Pozo Garza	X. de Enlace	Concerto de outono, Códice calixtino ou Vida secreta de Rosalía.

15.

A poesía de Celso Emilio Ferreiro sobre todo o libro Longa noite de pedra (1962), recollía ideas antibelicistas e de denuncia da opresión e de falta de liberdades existentes naquela altura. Era unha poesía comprometida coa sociedade do seu momento na que denunciaba a situación política e abriu os ollos a numerosas mozas e mozos con ansias de liberdade e de cambio. Así, numerosos cantautores galegos dos anos 60 e 70 colleron letras destes poemas de Celso E. Ferreiro e puxéronlle música, proporcionando aos homes e mulleres desta época unha música na que se cantaba á ilusión de cambio.

16.

A obra de Celso Emilio Ferreiro relaciónase coa poesía cívica de Manuel Curros Enríquez. Así, a liña social de Curros aséntase nos seus poemas onde denuncia as inxustizas e opresións cara aos máis débiles (especialmente os labregos, que sufrían unha grande explotación) e onde critica os caciques e fidalgos. Asemade, Curros cría que a literatura tiña que ter a función social de compromiso co pobo galego, coa democracia e coas ideas progresistas. Esta poesía de temática cívica, iniciada no século XIX por Curros Enríquez tivo como continuadores xa no século XX, entre outros, a Ramón Cabanillas e a Celso Emilio Ferreiro.

17. Actividade de resposta aberta.

18. Actividade de resposta aberta.

Exemplos: cláusula que funciona como CCT: «Cando teñas tempo pasa pola miña casa»; cláusula que funciona como CCM: «Fixo o exame como eu lle dixera»; cláusulas que funcionan como suplemento: «Non confío en que diga a verdade» e «Alégrome moito de que veñas».

19.

As categorías gramaticais son:

- Porque: substantivo sinónimo de ‘motivo’ ou ‘razón’.
- Porque: conxunción causal que introduce unha explicación.
- Por que: pronome interrogativo que introduce unha oración interrogativa indirecta.
- Por que: pronome interrogativo que introduce unha oración interrogativa directa. – Por que: preposición ‘por’ e conxunción ‘que’.
- Senón: conxunción adversativa.
- Senón: nexo comparativo.
- Senón: preposición sinónima de ‘agás’.
- Se non: conxunción condicional ‘se’ e adverbio de negación ‘non’.

20.

- Ser de marca maior: persoa de falsa categoría, sen valor.
- Non ser manco: persoa que é moi capaz de facer algo.
- Ser aberta das mans: persoa que actúa con xenerosidade.
- Ter moita trastenda: persoa que ten moita astucia.
- Ser coma un toxo: persoa de carácter serio e pouco cariñosa.
- Mexar auga bendita: persoa que ten un comportamento extremadamente exquisito.

- Ser ave de rapina: persoa que se apodera de xeito astuto do que non é seu.
- Non ter entrañas: persoa sen humanidade, capaz de causar dano intencionadamente e de facer sufrir os demais sen sentir pena por iso ou mesmo compracéndose.

21.

Unha lingua normalizada e non normativizada non é habitual (podemos atopala en comunidades que non teñen escrita, por exemplo algunhas linguas amerindias) pero unha lingua normativizada e non normalizada é moito máis frecuente: galego en Galicia, corso en Francia etc.

22. Actividade de resposta aberta.

Exemplos:

- Eu penso nas vacacións todos os días mentres miro pola fiestra: suplemento e tres complementos circunstanciais.
- O alumnado de cuarto fixo un proxecto fermosísimo na aula de Música mentres os demais estaban no recreo: dous complementos circunstanciais, un deles que sexa unha cláusula.
- Ti crías en que as pantasma existían cando eras pequeno: un suplemento e un complemento circunstancial que sexan cláusulas.
- Elvira e Xulia corren de noite, lentamente, polo concello da Arnoia durante media hora: catro complementos circunstanciais